



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Anuncio adquisición de bens a título oneroso por concurso finca para aparcadoiro do local social de Cos

ANUNCIO

ASUNTO: ADQUISICIÓN DUNHA FINCA PARA APARCADOIRO DO LOCAL SOCIAL DE COS

EXPEDIENTE: 2024/C006/000004

Por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do concurso para a adquisición de finca nas proximidades do local social da parroquia de Cos (Santo Estevo), conforme aos seguintes datos:

1. Obxecto do concurso: Adquisición dun ben coas seguintes características:

Obxecto do contrato e cualificación Constitúe o obxecto do contrato a adquisición dun ben ,finca para aparcadoiro do local social de Cos que teña as seguintes características:

- Estar a unha distancia inferior a un radio de 10 m da entrada ao recinto do local social.
- Ter una topografía sensiblemente plana.
- Ter unha superficie de entre 1.000 e 1.500 m².
- Ter como un dos lindeiros a estrada de acceso ao local social.
- Ter unha clasificación urbanística que permita o estacionamento de vehículos ao aire libre, conforme ao apartado F do artigo 35 da Lei 2/2016.

2. O prazo para a presentación de ofertas será de desde o seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio.

As ofertas presentaranse no Concello con domicilio no lugar de San Marcos nº 1- 15318 Abegondo, en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia.

As proposicións poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. O prego de condicións atópase a disposición das persoas interesadas na Plataforma de Contratación do Estado (https://contrataciondeestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=cdtDgAvz8fGcCF8sV%2BqtYA%3D%3D)

Abegondo 23 de abril de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2025/2560